

“Un mar de saberes”.

XORNADA CONMEMORATIVA DO DÍA MARÍTIMO EUROPEO

A xornada “Un mar de saberes” organízase con motivo da celebración do Día Marítimo Europeo, que ten como finalidade recuperar o mar e todo o relacionado con el como parte do acervo común de Europa.

Os proxectos europeos **Fishernet** (Fishing Heritage Network) –Programa Cultura da Unión Europea–, **Dorna** (Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico) e **NEA2** (Nautismo Espazo Atlántico 2) –Programa Espazo Atlántico–, que teñen como cerne traballar sobre elementos patrimoniais vinculados ao mar, acordaron organizar conxuntamente unhas xornadas que, á vez que reivindicán o mar como patrimonio común dos galegos e dos europeos, sirvan para mostrar os traballos en realización en todos os proxectos.

O patrimonio cultural do mar ten en Galicia unha grande importancia; non sen causa o mar é un dos nosos elementos de identidade. Galicia é en canto é mariñeira e pescadora. E nesa identidade facemos de elementos do mar símbolos das nosas actividades cotiás ou lúdicas. A rianxeira acompaña un dos nosos equipos de fútbol, os Catro vellos mariñeiros cerran moitas noites de festa, as sardiñas fan do San Xoán a festa popular por excelencia. E todos sabemos que onde hai patrón non manda mariñeiro.

Pero o rico patrimonio marítimo de Galicia está en risco de abandono. Se non o facemos producir e xerar nova riqueza, vai ser abandonado. Conservalo e poñelo a producir é o elemento común dos tres proxectos europeos que convocan a xornada. Rescatar do esquecemento os saberes do mar e usalos para crear novas actividades e empregos. Nas áreas da cultura, da carpintaría de ribeira e das actividades náuticas de lecer, traballan basicamente cada un dos proxectos e nelas se relacionan.

“Un mar de saberes” quere enfocar as olladas sobre o patrimonio marítimo galego e sobre o seu uso na xeración de riqueza, ou, o que é o mesmo, sobre a súa conservación.

Programa:

Día 22 de maio de 2010.
Lugar: Salón de actos da lonxa do Freixo. Outes.

- 1.- 10:00 h - Inauguración.**
- 2.- 10:30 h - “Patrimonio marítimo e nautismo”. Víctor Fernández González. Presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.**
- 3.- 11:00 h - “A carpintaría de ribeira: valor patrimonial, valor de futuro”. Gerardo Triñanes Domínguez. Presidente da Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira.**
- 4.- 11:30 h - “A carpintaría de ribeira na provincia da Coruña no Antigo Réxime”. José Manuel Vázquez Lijo. Historiador.**
- 5.- 12:00 h - Recital poético.**
- 6.- 12:30 h - Paseo náutico / Visita a unha carpintaría de ribeira.**
- 7.- 16:30 h - Paseo náutico / Visita a unha carpintaría de ribeira.**

Folla de inscrición

D./D.^a,
.....
.....

da entidade
de.....
desexo inscribirme nas xornadas “Un mar de saberes”, que terán lugar o próximo día 22 de maio ás 10 horas no salón de actos da lonxa do Freixo (Outes).

Teléfono de contacto:.....

Correo electrónico:.....
.....

Día límite de inscrición: **20 de maio.**

Enviar por correo electrónico os datos indicados a **teresa.rojas.suarez@xunta.es**

Por limitacións da embarcación, os paseos náuticos están restrinxidos aos 40 primeiros inscritos.

“Un mar de saberes”.

Folla de inscrición

XORNADA
CONMEMORATIVA DO DÍA
MARÍTIMO EUROPEO

Día 22 de maio
de 2010
Salón de actos da
lonxa do Freixo.
Outes.



“Un mar de saberes”

XORNADA
CONMEMORATIVA DO DÍA
MARÍTIMO EUROPEO

Día 22 de maio
de 2010

Salón de actos da
lonxa do Freixo.
Outes.

